

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

LUGAR DE REALIZACIÓN

Ecoparque de aventuras Rias Baixas no lugar de Atalaia Viascon
O concello resérvase o dereito a anular se non se cubre o mínimo de participantes por quenda/semana

CALENDARIO E HORARIO (MARQUE POR PRIORIDADE 1-10)

Semana do 24 ao 28 de xuño
Semana do 01 ao 05 de xullo
Semana do 08 ao 09 de xullo
Semana do 15 ao 19 de xullo
Semana do 22 ao 26 de xullo
Semana do 29 de xullo ao 02 de agosto
Semana do 05 ao 09 de agosto
Semana do 12 ao 16 de agosto
Semana do 19 ao 23 de agosto
Semana do 26 ao 30 de agosto
Semana do 02 ao 07 de setembro

*PREINSCRICIÓN DOS/DAS PARTICIPANTES

Presentación de fichas de inscrición*:

- Na OMIX de Carballedo

Prazo de inscrición: ata o 20 de xuño

***Inscricións por orde de achega ata cubrir prazas. Terán prioridade os menores empadroados no Concello de Cerdedo-Cotobade.**

Cada participante terá dereito a unha semana que se ampliará no caso de sobrar prazas

INFORMACIÓN

Na Oficina OMIX - sede Carballedo Tfno.: 986760001 ext 3
www.cerdedo-cotobade.gal



LUDOVERAN ATALAIA



DIRIXIDAS A NENOS/AS DE 4 A 12 ANOS

DESCRIBIÓN

As ludotecas ofrecen unha alternativa educativa e de lecer para nenos e nenas de 4 a 12 anos ao tempo que propician a conciliación da vida familiar e laboral na época estival.

ACTIVIDADES

Actividades de granxa, horta e invernadoiros, forno, talleres, excursións, actividades de transformación, xogos...

Actividades cos animais para coñecer as diferentes especies que viven na granxa (coellos, ovellas, cabras, becerro, burro, porcos e galiñas), o seu coidado e características, así como a súa achega á vida das persoas.

Actividades de horta e xardín onde se darán a coñecer as especies que se cultivan, apeiros de labranza necesarios e coidados que precisa a horta (cavar, sementar, plantar, regar e a colleita), a importancia da agricultura ecolóxica e cales son as súas características.

Obradoiros de creación artística para ver a transformación dos materiais traballando coas mans: realización de xogos- xoguetes con materiais de refugallo, disfraces, ...

Obradoiros de transformación de alimentos: elaboración de pan no forno de leña, galletas, marmeladas.

Obradoiros con contido lingüístico e de reflexión sociolingüística onde se traten de superar os prexuízos lingüísticos que vaian xurdindo.

Tiro con Arco: Realización de Tiro con Arco no POBOADO INDIO da Ecogranxa Atalaia. Adaptado para todos os participantes usando xogos para a promoción de uso do galego (probos de puntuación onde se busquen palabras en galego ou similares)

Bautismo hípico: Experiencia hípica na que se recibirán explicacións sobre os coidados do cabalo (cepillar, peitear, enselar...) e a continuación un paseo a cabalo en pista (en grupos grandes realizaranse sempre en rotacións), coñecemento das verbas empregadas para estas tarefas así como os nomes dos utensilios que se utilizan e que están relacionados co mundo da hípica.

Kayak libre: en augas tranquilas, rodeados dun fermoso bosque de ribeira (o monitor da as explicacións, entrega o equipo, chaleco salvavidas, e víxía o bo uso). Actividade ideal para realizar na tempada estival, recoñecemento dos nomes galegos da flora e fauna de ribeira.

Paintball infantil: con marcadoras especiais para nenos (Inclúe funda, gafas de protección, marcadora e bolas). O monitor realiza diversos xogos nos distintos campos, ambientados de forma diferente. E realizaranse dentro dun marco de convivencia lingüística do galego, na que tanto os monitores coma os participantes se comunicarán durante a realización das actividades así como na utilización de xogos que se utilizarán na promoción do uso do galego

FICHA DE INSCRIBIÓN

SOLICITANTE: PAI / NAI / TITOR/A

APELIDOS:

NOME:

DNI:

TEL. CONTACTO:

E-MAIL:

ENDEREZO:

SOLICITO PRAZA PARA O MENOR/ES

APELIDOS/NOME:

DATA NACEMENTO: / /

APELIDOS/NOME:

DATA NACEMENTO: / /

APELIDOS/NOME:

DATA NACEMENTO: / /

OBSERVACIÓN DE CADA NENO/A (Necesidades especiais, alexías, outras...)

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON:

AUTORIZO

coa posible aparición do/a menor para a difusión da actividade nos medios de comunicación ou na web do concello.

SI NON

AUTORIZO Á APARTICIPACIÓN DO/A MENOR NAS ACTIVIDADES:

Estou informado e acepto as normas de funcionamento e as actividades que se realizan no ludoverán, así como ás saídas fóra do centro.

AUTORIZO

SI NON

SI NON

AUTORIZO PARA QUE O MENOR REGRESE SÓ AO DOMICILIO

AUTORIZO

SI NON

PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO MENOR

APELIDOS E NOME:

DNI:

APELIDOS E NOME:

DNI:

APELIDOS E NOME:

DNI:

En Cerdedo- Cotobade a dede 2019

Sinatura do pai/nai/titor/a:

LEY ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL/ CLAÚSULA DE INSCRIBIÓN DE MENORES:

Consente ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos recollidos a partir do presente formulario serán incorporados nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade do Concello de Cerdedo-Cotobade, CIF: P 3600048G para a xestión e tramitación da inscrición do seu fillo/a nunha das LUDOTECAS DE ATALAIA 2019, para o efecto o Concello cederá os seus datos á empresa que contrate para executar a actividade e que so poderá empregar para ese fin. Pode exercer os seus dereitos e os do seu fillo/a, de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ao enderezo Chan, 11 Carballedo. Mentres non nos comunique o contrario, entenderemos que os seus datos e os do seu fillo/a non foron modificados, e que se compromete a notificarnos calquera variación e que temos o consentimento para utilizalos coa finalidade de impartir a actividade na que vostede inscribiu ao seu fillo/a e cumprir coas obrigas propias.

